

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 11 DE XULLO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día onde de xullo de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 11 de xullo de 2023, que xunto

coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202307110900030000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, DOS SEUS INTEGRANTES E NOMEAMENTOS DOS VOCEIROS

Acceso á videoacta – 00:00:31 horas

O Sr. alcalde dá conta dos escritos presentados no rexistro xeral do concello de constitución dos grupos políticos municipais e designación de voceiros, que son os seguintes:

GRUPO POLÍTICO UNIÓN POR CAMBRE

- Voceiro titular: Daniel Mallo Castro
- Suplente 1º: María Dolores Pan Lesta
- Suplente 2º: Juan González Leirós

GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR

- Voceira titular: Diana Piñeiro Fernández
- Suplente 1ª: Patricia Esther Espiñeira Galán
- Suplente 2ª: María Elena Lauda Fernández

GRUPO POLÍTICO PSdeG-PSOE

- Voceiro titular: Diego Alcantarilla Rei
- Suplente 1ª: María Mercedes Prieto Lamas
- Suplente 2ª: Patricia María Parcero Quiñoy
- Suplente 3ª: Ana Rodríguez López

GRUPO POLÍTICO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

- Voceiro titular: Daniel Carballada Rodríguez
- Suplente 1ª: María Teresa Prieto Miramontes
- Suplente 2º: Brais Cubeiro Fernández

GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

- Voceiro titular: Raúl Varela Fraguío
- Suplente: Manuel Castro Uzal

2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA EN MATERIA DE: NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL; NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE; DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA NOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOUTROS CONCELEIROS E CONCELEIRAS; E DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA A PROL DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Acceso á videoacta – 00:00:40 horas

Dáse conta ao Pleno das resolucións da Alcaldía que de seguido se transcriben:

RESOLUCIÓN núm. 1165/2023, do 4 de xullo, que transcrita literalmente di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Constituída a nova Corporación municipal o día 17 de xuño de 2023, resultante do proceso electoral que tivo lugar o día 28 de maio de 2023, cómpre determinar a organización e estrutura da administración municipal e, para tal efecto, definir o número e denominación das áreas, materias e actividades que a cada área lle corresponden, para que por esta Alcaldía se poidan efectuar, se é o caso, as delegacións xenéricas que estime oportuno conferir, isto a teor do establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal (ROM), segundo o cal as delegacións xenéricas, cando se confiran con esta expresión, referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, desta maneira, os eixes básicos nos que se estrutura o goberno local, tendo en conta que cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local.

O artigo 45 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), dispón que as delegacións que poida outorgar o alcalde deberán adaptarse ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estrutura os servizos administrativos do concello.

No caso do Concello de Cambre, o vixente Regulamento orgánico municipal non establece unha distribución de áreas de goberno, polo que, en uso da facultade de dirección do goberno e a administración municipal atribuída ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 44.1 a) do Regulamento orgánico municipal,

RESOLVO:

Primeiro: Crear as áreas de goberno coas denominacións e ámbito material segundo se relacionan a continuación, e que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 48 do Regulamento orgánico municipal:

ÁREA DE PRESIDENCIA E DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO

- Coordinación das diferentes áreas municipais
- Comunicación interna e externa e protocolo
- Secretaría particular
- Información e atención á cidadanía
- Xestión de arquivos e rexistros
- Políticas transversais ou proxectos nos que interveñen varias áreas
- Desenvolvemento asociativo: rexistro de asociacións; xestión de uso de locais polas asociacións veciñais
- Participación cidadá
- Xestión de políticas de información cidadá
- Responsabilidade patrimonial
- Todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno

ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

- Elaboración, xestión e seguimento dos orzamentos municipais
- Facenda local e inspección de facenda
- Política fiscal. Preparación de ordenanzas fiscais e prezos públicos.
- Contratación local. Xestión dos procedementos de contratación do concello
- Central de compras
- Xestión do persoal do concello: selección de persoal, provisión de postos de traballo, prevención de riscos laborais, retribucións, premios e sancións, situacións administrativas e todas aquelas materias de competencia do alcalde susceptibles de delegación nesta área
- Organización e coordinación do funcionamento da administración municipal

ÁREA DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS

- Xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo: planeamento, xestión urbanística, intervención administrativa e disciplina urbanística
- As actividades e facultades relacionadas coa promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sustentabilidade financeira
- Punto de información catastral
- Actividades sometidas a licenza, comunicación previa e declaración responsable
- Outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público, a excepción daquelas que impliquen autorizacións para a venda ambulante
- Obras e infraestruturas urbanas: planificación e preparación dos plans de obras e infraestruturas municipais. Aprobación dos proxectos de obras municipais
- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo da auga, residuos urbanos, limpeza viaria, iluminación pública, mantemento de vías públicas e infraestruturas urbanas
- Xestión, mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes
- Inspección e control dos servizos públicos e infraestruturas

ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁ, PATRIMONIO, TURISMO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

No ámbito da seguridade cidadá:

- Xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, emerxencias, protección civil, policía local

No eido do patrimonio:

- Xestión patrimonial do concello: inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio
- Reclamacións por danos causados nos bens integrantes do patrimonio municipal
- Mantemento e conservación de edificios e instalacións municipais
- Xestión do museo

No ámbito de turismo:

- Xestión de políticas municipais en materia de promoción dos valores turísticos do concello

No campo da Transformación dixital:

- Sistemas informáticos, impulso e difusión do uso das tecnoloxías da información e a administración electrónica, a promoción e implementación das TIC de xeito transversal, o control de ferramentas tecnolóxicas hardware e software

ÁREA DE CULTURA

- Promoción da cultura e equipamentos culturais
- Programación cultural
- Exposicións culturais
- Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
- Xestión da utilización de instalacións e equipamentos culturais
- Espectáculos públicos
- Festas

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

- Competencias municipais en materia de prestación de servizos asistenciais aos cidadáns, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social
- Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.
- Xestión dos proxectos, programas, medidas e servizos que se veñen desenvolvendo de integración social, infancia, familia, políticas da muller, atención á terceira idade e políticas de igualdade, e que se poidan desenvolver, iso de conformidade co establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro
- No ámbito das políticas de acción voluntaria, os servizos e actividades que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE E EDUCACIÓN

No ámbito do desenvolvemento local:

- Xestións dos plans de formación, emprego, programas e proxectos de cooperación, escolas obradoiro, plans de formación con organismos públicos que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro
- Relacións con axentes sociais, emprendemento e potenciación da vida económica local, fixación de obxectivos e desenvolvemento de proxectos para a promoción de actividades económicas do Concello que se veñen desenvolvendo ou se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro
- Xestión das políticas municipais en materia de feiras, mercados, comercio e relación coas asociacións de empresarios e comerciantes

No ámbito de Deportes, Xuventude e Educación:

- Promoción do deporte

- Cursos e escolas deportivas
- Relación cos clubs e asociacións deportivas
- Información e asesoramento á xuventude
- Ocio e tempo libre
- Xestión da utilización de instalacións e equipamentos deportivos

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE E SANIDADE

- Xestión de políticas de medio ambiente: educación ambiental, investigación e avaliación, voluntariado ambiental, posta en valor e defensa de espazos naturais. Deseño, implementación, apoio, promoción e divulgación de plans e accións de sensibilización e concienciación
- Transporte e mobilidade. Taxis
- No campo da sanidade, intégranse nesta área as políticas municipais de protección da salubridade pública, cemiterios e actividades funerarias, centros públicos de saúde de titularidade municipal, tendo en conta o establecido para o efecto na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro

Segundo.- Corresponde á Alcaldía, a través da Área de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan respecto da adscrición a unha área determinada dunha materia concreta.»

RESOLUCIÓN núm. 1167/2023, do 4 de xullo, que transcrita literalmente di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O 17 de xuño de 2023 esta Alcaldía tomou posesión do cargo de alcalde desta Corporación.

Considerando que segundo o disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, artigo 35.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 38.2 do Regulamento orgánico municipal, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello e está integrada polo alcalde-presidente e un número de concelleiros/as non superior ao terzo do número legal de membros da Corporación, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Considerando que corresponde ao alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, pola presente **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/ás seguintes señores/as concelleiros/as:

- Juan González Leirós
- Diego Alcantarilla Rei
- María Dolores Pan Lesta
- María Mercedes Prieto Lamas
- Daniel Mallo Castro
- Patricia María Parceros Quiñoy
- David López Saborido

Segundo.- Notificar persoalmente aos/ás designados/as a presente resolución e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.»

RESOLUCIÓN núm. 1170/2023, do 4 de xullo, que transcrita literalmente di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O 17 de xuño de 2023 esta Alcaldía tomou posesión do cargo de alcalde desta Corporación.

Considerando que os tenentes de alcalde son órganos de carácter necesario no concello, segundo dispoñen os artigos 20.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 38.2 do Regulamento orgánico municipal.

Considerando que segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, artigo 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, artigo 46 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e artigo 58 do Regulamento orgánico municipal, os tenentes de alcalde son libremente nomeados polo alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Considerando que segundo dispoñen os citados artigo 46 do Real decreto 2568/1986 e artigo 58 do Regulamento orgánico municipal, os nomeamentos faranse mediante resolución do alcalde da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicándose no *Boletín Oficial da Provincia*, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución polo alcalde se nela non se dispón outra cousa.

Considerando que esta Alcaldía, por resolución núm. 1167/2023 do día de hoxe, en uso das atribucións que legalmente lle están conferidas nomeou aos membros da Xunta de Goberno Local.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear tenentes de alcalde e pola orde que de seguido se indica, aos/ás seguintes señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

Primeiro tenente de alcalde: Juan González Leirós
Segundo tenente de alcalde: Diego Alcantarilla Rei
Terceira tenente de alcalde: María Dolores Pan Lesta
Cuarta tenente de alcalde: María Mercedes Prieto Lamas
Quinto tenente de alcalde: Daniel Mallo Castro
Sexta tenente de alcalde: Patricia María Parcero Quiñoy
Sétimo tenente de alcalde: David López Saborido

Segundo.- Corresponde aos/ás nomeados/as substituírme, pola orde sinalada, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións, así como desempeñar as funcións de alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos/ás designados/as e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e artigo 58.3 do Regulamento orgánico municipal.»

RESOLUCIÓN núm. 1171/2023, do 4 de xullo, que transcrita literalmente di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Os artigos 21.3 e 23.4. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 47 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, establecen que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións mediante delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde e dos membros da Xunta de Goberno Local, que estarán referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionala en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Igualmente, o alcalde pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a, para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas delegacións xenéricas.

Tendo en conta as resolucións núm. 1165/2023, núm. 1167/2023 e núm. 1170/2023 desta mesma data, polas que se crearon as áreas de goberno local e se efectuou o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e dos tenentes de alcalde.

Tendo en conta que segundo establece o artigo 61.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio delas.

Facendo uso da citada atribución, **RESOLVO:**

Primeiro.- Conferir delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde que a seguir se relacionan, para as áreas que igualmente se sinalan, co ámbito material reflectido na resolución de Alcaldía de creación das áreas de goberno local, desta mesma data:

- Delegación a prol de Juan González Leirós, primeiro tenente de alcalde: a Área de Urbanismo, Obras e Servizos
- Delegación a prol de Diego Alcantarilla Rei, segundo tenente de alcalde: a Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación
- Delegación a prol de María Dolores Pan Lesta, terceira tenente de alcalde: a Área de Economía, Facenda e Réxime Interior
- Delegación a prol de María Mercedes Prieto Lamas, cuarta tenente de alcalde: a Área de Benestar Social
- Delegación a prol de Daniel Mallo Castro, quinto tenente de alcalde: a Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica
- Delegación a prol de Patricia María Parceros Quiñoy, sexta tenente de alcalde: a Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade
- Delegación a prol de David López Saborido, sétimo tenente de alcalde: a Área de Cultura

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde, e respecto da súa área, comprenden:

a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento.

- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.
- d) A resolución das incidencias que poidan xurdir en relación coas peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, xa sexan presentadas por particulares ou polos concelleiros/as.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, no seu caso.
- f) A sinatura das certificacións que se deban emitir en relación coa tramitación dos procedementos, así como respecto das resolucións ditadas na súa respectiva área no exercicio da competencia delegada, en cumprimento da esixencia contida no art. 205 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o cal *“as certificacións expediranse por orde do presidente da corporación e co seu visto e praxe, para significar que o secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica.”*.

En canto ao seu contido material, as ditas certificacións serán emitidas na propia área segundo requira a tramitación de cada expediente en concreto, reflectirán integramente o texto do acordo ao que se refire, serán rubricadas á marxe polo funcionario/a responsable da área, ou polo funcionario/a responsable da tramitación do expediente, e reintegraranse, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

- g) A sinatura das certificacións respecto do contido de documentos ou informes que se deban emitir en cada área.

En canto ao seu contido material, cando a certificación non se limite á reprodución dunha resolución ou documento, o xefe/a da unidade administrativa a quen corresponda a súa elaboración, emitirá un informe no que se recollan os datos sobre os que haberá de certificarse, e o contido da certificación reproducirá literalmente o contido do mencionado informe, con exposición da data de emisión e sinatura auténtica do funcionario/a informante.

A certificación irá rubricada á marxe polo xefe/a da unidade ou polo funcionario informante, e reintegrarase, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

- h) A sinatura dos anuncios e edictos, así como a orde de remisión aos diarios oficiais e aos medios de comunicación, en relación cos asuntos propios da súa área.
- i) A sinatura de comunicacións que se dirixan a autoridades ou organismos públicos así como a particulares, respecto dos servizos e actividades municipais relativos ás materias incluídas na área.
- j) A sinatura dos impresos de solicitudes de subvencións, certificados e demais documentación que deba remitirse unha vez ditada a correspondente resolución polo concelleiro/a delegado/a de cada área.

Terceiro.- En canto á materia de contratación local incluída na Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, a delegación comprende a dirección e xestión administrativa da contratación municipal, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído e as demais facultades incluídas no apartado anterior, letras b) a j).

Cuarto.- A Alcaldía asumirá directamente a dirección da Área de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á dita área e, en xeral, e de xeito residual, os servizos e actividades e aquelas funcións que non estean asignadas a unha concreta área de goberno.

Así mesmo, quedan reservados a esta Alcaldía o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”.

Igualmente queda reservada a esta Alcaldía a competencia para a aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo.

Quinto.- A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de transcendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas en uso das facultades delegadas, isto de conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Sexto.- Conferir as delegacións especiais a prol do concelleiro e concelleiras que a continuación se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

1. Conferir a delegación do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo, a María Carmen Pan Matos
2. Conferir a delegación dos servizos de Patrimonio e Turismo, incluídos na Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica, a Ramón Boga Moscoso
3. Conferir a delegación dos servizos de Deportes, Xuventude e Educación, incluídos na Área de Desenvolvemento Socioeconómico, Deportes, Xuventude e Educación, a Ana Rodríguez López

que terán ao seu cargo o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostentan delegación especial, elevando ao concelleiro/a delegado/a da área, logo do informe dos técnicos que correspondan, propostas concretas de actuación respecto de cada materia ou servizo, efectuando o seu seguimento, unha vez aprobadas, ata a súa execución final, elaborando un informe definitivo respecto do cumprimento dos obxectivos perseguidos.

Sétimo.- De conformidade co establecido no artigo 49.2 b) do Regulamento orgánico municipal, a delegación especial conferida a cada concelleiro/a, e respecto dos servizos determinados, enténdese conferida como delegación da dirección interna dos servizos, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que quedará reservada ao alcalde ou concelleiro/a con delegación xenérica na correspondente área.

Igualmente, corresponde ao concelleiro/a que ostenta a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, a facultade de supervisar a actuación do concelleiro/a con delegación especial.

Oitavo.- De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro/a delegado/a. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do *Boletín Oficial da Provincia*, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Nos documentos que deban firmar os concelleiros delegados no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Noveno.- Notifíquese persoalmente aos/ás concelleiros/as, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.»

RESOLUCIÓN núm. 1172/2023, do 4 de xullo, que transcrita literalmente di:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local, salvo a concesión do dereito de uso privativo sobre urnas e cinseiros no cemiterio municipal, e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación, con excepción das competencias delegadas mediante Resolución desta Alcaldía núm. 1171/2023, do 4 de xullo, na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, respecto da dirección e xestión administrativa da contratación municipal, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes nos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído.

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución.»

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO

Acceso á videoacta – 00:01:00 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: OSsvnNS2nrnMIR3gNWko), que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o disposto no artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

Celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación con carácter mensual, o último xoves de cada mes ás once horas (11:00 h). No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o día hábil inmediatamente posterior á mesma hora.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Interven en os voceiros do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández, do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, do grupo municipal de AV, Sr. Varela Fraguío, e a concelleira Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: OSsvnNS2nrnMIR3gNWko), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Acceso á videoacta – 00:07:09 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: rL9Y2dvkfbEJrdgDCbk1), que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o disposto no artigo 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, segundo o cal a Xunta de Goberno Local, para exercer as súas competencias resolutorias, terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e sesións extraordinarias cando o presidente o decida.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno local con carácter semanal, os martes ás nove horas (09:00 h). No suposto de que o día prefixado coincida con festivo celebrárase sesión, co mesmo carácter de ordinaria o día hábil inmediatamente posterior á mesma hora.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: rL9Y2dvkfbEJrdgDCbk1), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

5. PROPOSTA DE ALCALDÍA RESPECTO DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES, DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS

Acceso á videoacta – 00:07:50 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: IQH7pFseg37eXqEHxGFg), que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o disposto no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 66, 67 e 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 78 a 85 e 134 a 142 do Regulamento orgánico municipal.

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Crear tres (3) Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

- COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR
- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE EDUCACIÓN E CULTURA

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 59.2 c) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, crear a COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS que terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1982, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 127 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e 82 do Regulamento orgánico municipal.

Terceiro.- Crear a COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS.

Cuarto.- As Comisións Informativas ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas:

- COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR sobre as materias e asuntos das áreas de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo, e da de Economía, Facenda e Réxime Interior.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA , sobre as materias e asuntos das áreas de Urbanismo, Obras e Servizos, de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade e da de Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE EDUCACIÓN E CULTURA sobre as materias das áreas de Benestar Social, da de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude, Educación, e da de Cultura.
- A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 127 do ROF e 82 do Regulamento orgánico municipal.
- A COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS terá as competencias previstas no Regulamento especial de honores e distincións.

Cuarto.- Atribuír a cada unha das comisións informativas as funcións de estudo, informe ou consulta dos asuntos que, relacionados co seu ámbito de actuación, teñan que ser sometidos á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas do Pleno, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes, e igualmente informarán aqueles asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e do alcalde que lles sexan sometidos

ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles. Tal e como se indicou no apartado anterior, a Comisión Especial de Contas terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril e nos artigos 127 do ROF e 82 do Regulamento orgánico municipal, e a Comisión Especial de honores e distincións, as previstas no Regulamento especial de honores e distincións.

Quinto.- As Comisións Informativas e a Comisión especial de Contas estarán compostas por:

- Cinco (5) representantes do grupo político municipal de Unión por Cambre incluído o Sr. alcalde-presidente, presidente nato de todas as comisións
- Catro (4) representantes do grupo político municipal do PP
- Tres (3) representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE
- Dous (2) representantes do grupo político municipal do BNG
- Un (1) representante do grupo político municipal Alternativa dos Veciños

Quinto.- As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que estableza o alcalde-presidente ou o seu respectivo presidente.

A Comisión Especial de Contas reunirse cando sexa convocada pola Presidencia para dictaminar a conta xeral de cada exercicio.

A Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións reunirse cando sexa convocada pola Presidencia para emitir ditame nos procedementos de concesión de calquera dos honores a que se refire o Regulamento especial de honores e distincións.

Sexto.- A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte dela en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao alcalde e presentado no rexistro de entrada do concello, do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular. O devandito escrito presentarase no prazo de cinco días hábiles contados desde a adopción deste acordo.

Sétimo.- As comisións informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 134 a 142 do Regulamento orgánico municipal.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Intervén a voceira do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández, e o Sr. alcalde.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: IQH7pFseg37eXqEHxGFg), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

6. PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CONSTITUÍR COMO ÓRGANO COMPLEMENTARIO A XUNTA DE VOCEIROS

Acceso á videoacta – 00:13:04 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 (CVD: rSq8GGwntEjM4pxTwbw/), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O artigo 75 do Regulamento orgánico municipal recolle entre os órganos complementarios a Xunta de Voceiros, regulada nos artigos 89 a 91 e 143 e 144 da citada norma.

Os artigos 90 e 91 do Regulamento orgánico municipal establecen que poderá constituírse a proposta do alcalde-presidente, mediante acordo adoptado para o efecto polo Pleno da Corporación, por maioría simple.

No acordo do pleno de organización poderá determinarse a periodicidade das sesións con carácter obrigatorio, establecéndose, no seu caso, horas e días.

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Constituír, como órgano complementario do Concello de Cambre, a Xunta de Voceiros, que se reunirá en sesión ordinaria o venres posterior á celebración das sesións ordinarias das comisións informativas, ás 14:00 horas, agás en horario de verán (16 de xuño a 15 de setembro, ambos incluídos), que se reunirá ás 13:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o día anterior á mesma hora.

Para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Voceiros non será necesario convocatoria previa.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Interven a voceira do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o Sr. alcalde e a Sra. secretaria xeral.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lada Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 (CVD: rSq8GGwntEjM4pxTwbw/), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

7. PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

Acceso á videoacta – 00:19:01 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: yUhaLbZYUVBnMsMmO+pg), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o disposto no artigo 41 c) do Regulamento orgánico municipal respecto de que dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, co fin de resolver, entre outros, sobre os nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan competencia do Pleno.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Nomear representante do concello no Consorcio As Mariñas ao alcalde D. Óscar A. García Patiño, e como suplente ao concelleiro D. Juan González Leirós.

Segundo.- Nomear representante do concello na Xunta Xeral da sociedade Edar Bens, S.A., ao alcalde D. Óscar A. García Patiño, e no consello de administración, ao concelleiro D. Juan González Leirós.

Terceiro.- Nomear representante do concello na Comisión de Escolarización correspondente aos diferentes cursos, á concelleira D.^a Ana Rodríguez López.

Cuarto.- Nomear representante do concello nos consellos escolares aos concelleiros e concelleiras que a continuación se relacionan, para os centros que igualmente se indican:

- | | |
|---|---|
| - Escola de educación infantil de Pravio: | D. ^a Ana Rodríguez López |
| - CEIP Graxal (Graxal – O Temple): | D. Diego Alcantarilla Rei |
| - CEIP Portofaro (O Temple): | D. ^a Ana Rodríguez López |
| - CEIP Emilio González López (Brexo): | D. ^a Patricia María Parceró Quiñoy |
| - CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás): | D. ^a Patricia María Parceró Quiñoy |
| - CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre): | D. ^a María Mercedes Prieto Lamas |
| - IES Afonso X O Sabio (A Barcala-Cambre): | D. ^a Ana Rodríguez López |
| - IES David Buján (Sigrás): | D. Diego Alcantarilla Rei |

Quinto.- Nomear representante do concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade á concelleira D.^a María Mercedes Prieto Lamas, e como suplente ao concelleiro D. Alcantarilla Rei.

Sexto.- Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar á concelleira D.^a María Mercedes Prieto Lamas, e como suplente á concelleira D.^a Ana Rodríguez López.

Sétimo.- Nomear representante do concello no Consello de participación das escolas infantís á concelleira D.^a Ana Rodríguez López, e como suplente ao concelleiro D. Diego Alcantarilla Rei.

Oitavo.- Nomear representante do concello no Grupo de Acción Local do sector pesqueiro Golfo Ártabro Sur ao concelleiro D. Diego Alcantarilla Rei, e como suplente a D.^a Patricia María Parceró Quiñoy.

Noveno.- Nomear representante do concello no GDR-29 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos á concelleira D.^a Patricia María Parceró Quiñoy, e como suplente ao concelleiro D. Diego Alcantarilla Rei.

Décimo.- Nomear representante do concello na Fundación Wenceslao Fernández Flórez ao concelleiro D. David López Saborido, e como suplente ao concelleiro D. Ramón Boga Moscoso.

Décimo primeiro.- Nomear representantes da Corporación na Xunta Local de Protección Civil ao alcalde D. Óscar A. García Patiño, ao concelleiro D. Juan González Leirós, ao concelleiro D. Daniel Mallo Castro e ao concelleiro D. Ramón Boga Moscoso.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Intervén a voceira do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Cinco (5), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: yUhaLbZYUVBnMsMmO+pg), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

8. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL

Acceso á videoacta – 00:22:25 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 6 de xullo de 2023 (CVD: fgysgqozzkjVpxRxjDZ), que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN DE CAMBRE DE APROBACIÓN DE PRAZAS E POSTOS DE PERSOAL EVENTUAL

Visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 5 de xullo de 2023 (CVD: ypQXbHN7sMWxhw5LPnmm), en relación coa miña providencia da mesma data (CVD: UdMcmdnATyIBLcoSgMmr) para a modificación do posto eventual de secretario/a de Benestar Social para denominarse asesor/a de Deportes, para a creación do posto de persoal eventual de asesor/a de Medio Ambiente e Mobilidade e para o mantemento dos outros catro postos existentes denominados: asesores de Alcaldía (dous), secretario/a de Obras e Servizos e asesor/a de Patrimonio coas mesmas funcións e coas mesmas retribucións que viñan percibindo.

Visto o informe emitido pola interventora municipal en data 6 de xullo de 2023 (CVD: Pf9SQsn9SDzAqEKJznJD).

Se eleva ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo para a modificación do posto eventual de secretario/a de Benestar Social para denominarse asesor/a de Deportes e para a creación do posto de persoal eventual de asesor/a de Medio Ambiente e Mobilidade así como aprobar a correspondente modificación do Cadro de Persoal deste concello, apartado de persoal eventual, para a inclusión no mesmo da praza de asesor/a de Medio Ambiente e Mobilidade e modificar a praza de secretario/a de Benestar Social por asesor/a de Deportes, quedando o persoal eventual na Relación de Postos de Traballo da seguinte maneira:

Posto	Funcións	Subgrupo	Comp. Destino	Comp.Específico
Asesor/a Alcaldía	De confianza	C-2	18	15.528,80
Asesor/a Alcaldía	De confianza	C-2	18	15.528,80
Asesor/a de Patrimonio	De confianza	C-2	18	7.764,40
Secretaria/o de Obras e Servizos	De confianza	C-2	18	15.528,80
Asesor/a de Deportes	De confianza	C-2	18	15.528,80
Asesor/a de Medio Ambiente e Mobilidade	De confianza	C-2	18	15.528,80

2º.- Someter a información pública a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia o presente acordo modificativo da Relación de Postos de traballo e cadro de persoal así como o seu expediente polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Interven o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do grupo municipal de AV, Sr. Varela Fraguío, a concelleira Sra. Pan Lesta e o Sr. alcalde.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 6 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Dous (2), dos Sres.: Varela Fraguío e Castro Uzal.

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 6 de xullo de 2023 (CVD: fgysgqozzkjVpxRxjDZ), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

9. PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA DETERMINACIÓN DOS CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL, AS SÚAS RETRIBUCIÓN, RÉXIME

DE DEDICACIÓN, ASÍ COMO FIXACIÓN DAS CONTÍAS A PERCIBIR EN CONCEPTO DE ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS

Acceso á videoacta – 00:31:45 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 (CVD: oJi10enq9xASabbQ1LQI), que transcrita di:

«Asunto: Proposta de determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, rexime de dedicacións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións

A actividade xerada neste concello nas distintas áreas de xestión, a posta en marcha de proxectos que esixen un esforzo de planificación e de control da súa execución unido á necesidade de dinamizar a economía e os servizos a ofrecer aos vecinos de Cambre obrigan á estrutura política a adecuarse convenientemente para a satisfacción das devanditas necesidades.

Todo iso supón a conveniencia de dotar dunha especial dedicación á Alcaldía e a determinadas concellerías delegadas, ao abeiro do artigo 75.1 da lei 7/1985, de bases do réxime local.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local modificou a Lei 7/1985, de 2 de abril introducindo dúas importantes novidades, determinadas pola cifra oficial de poboación, en relación ao réxime retributivo dos membros das corporacións locais: a limitación no importe da retribución (artigo 75.bis) e a limitación no número cargos públicos con dedicación exclusiva (artigo 75 ter).

O artigo 75.bis preceptúa que os límites retributivos serán definidos, anualmente, polas leis de Orzamentos Xerais do Estado. Así, a disposición adicional vixésimoséptima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 dispón:

“De conformidade con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local y considerando lo dispuesto en el artículo 21 de la presente ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:

Habitantes	Referencia – Euros
Más de 500.000.	116.160,05
300.001 a 500.000.	104.544,03
150.001 a 300.000.	92.928,03
75.001 a 150.000.	87.120,59
50.001 a 75.000.	75.504,62
20.001 a 50.000.	63.888,61
10.001 a 20.000.	58.080,05
5.001 a 10.000.	52.272,61
1.000 a 5.000.	46.464,02

(...)"

Por outra banda, o artigo 75.ter.1.g) establece que "Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 20.001 e 35.000 habitantes, os membros que poderán prestar os servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dez".

Corresponde ao Pleno da Corporación, a proposta do presidente, determinar, dentro da consignación contida para este fin no orzamento, a relación dos cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, e con dereito a retribución, así como as contías que lles correspondan a cada un deles tendo en conta o seu grao de responsabilidade.

En canto ao réxime económico das asistencias ás sesións dos órganos colexiados, o artigo 20.2 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia có artigo 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que:

"2 - Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, na contía que sinale o Pleno dela. Non obstante, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos rectores de organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de consellos de administración de empresas con capital ou control municipal ou de tribunais de probas para a selección do persoal."

No que respecta ás indemnizacións polas despesas ocasionadas polo exercicio do cargo así como ás indemnizacións por desprazamento, manutención, aloxamento e outros gastos ocasionados como consecuencia directa do exercicio do cargo os artigos 20.1 e 21 do Regulamento orgánico municipal, de conformidade cós apartados 4 e 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, preceptúan que:

"Artigo 20 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán indemnizacións polas despesas ocasionadas polo exercicio do cargo, cando sexan efectivas, e logo da súa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, e as que en desenvolvemento delas aprobe o Pleno corporativo.

(...)

Artigo 21 (Modificado: Pleno 27/01/2011)

1 – Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, terán dereito a percibir indemnizacións por desprazamento, manutención, aloxamento e outros gastos ocasionados como consecuencia directa do exercicio do cargo.

2 – A contía deste tipo de indemnizacións fixarase polo Pleno do Concello, establecéndose a forma de percepción e os termos da súa xustificación nas bases de execución do orzamento anual. En ningún caso estas indemnizacións serán inferiores ás que puideran corresponderlles en aplicación da normativa estatal que as regula.

3 – A contía e regulación das indemnizacións por desprazamento, aloxamento e manutención estableceranse nas bases de execución dos orzamentos, e deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Casa de Concello e na páxina web municipal."

A interventora informou o 04.07.2023.

Tendo en conta canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a abonar pola administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Benestar Social: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Cultura: 32.000,00 €
- Concellería con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia e Desenvolvemento Asociativo: 32.000,00 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Patrimonio e Turismo, incluídos na Área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica: 32.000,00 €
- Concellería con delegación especial dos servizos de Deportes, Xuventude e Educación, incluídos na Área de Desenvolvemento Socioeconómico, Deportes, Xuventude e Educación: 32.000,00 €

Segundo: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 32 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 40.000,00 €

Terceiro: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cuarto: Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 300 €
- Comisións Informativas: 300 €
- Xunta de Voceiros: 150 €
- Xunta de Goberno Local ordinaria: 300 €
- Xunta de Goberno Local extraordinaria: 0 €

Para percibir a totalidade da asistencia será obrigatorio, salvo causa sobrevenida de forza maior debidamente xustificada, que os/as concelleiros/as non abandonen a sesión ata que o alcalde dé por rematada a mesma.

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Quinto: Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

Sexto: De conformidade có establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Interveñen o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do grupo municipal de AV, Sr. Varela Fraguío e o Sr. alcalde.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 (CVD: oJi10enq9xASabbQ1LQI), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

10. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ASIGNACIÓN DUNHA DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:45:21 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: h8xaZDVNJHGtyHezlaT), que transcrita di:

“Asunto: Proposta de asignación dunha dotación económica aos grupos políticos municipais

O artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na modificación dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, establece que o pleno da Corporación, con cargo aos seus orzamentos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas leis de orzamentos xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerán a disposición do pleno da Corporación, sempre que este o pida.

O artigo 12 do Regulamento orgánico municipal reproduce textualmente o contido do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

A interventora informou o 04.07.2023.

Tendo en conta canto antecede, propono á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Asignar a cada grupo político que compón a Corporación unha dotación económica co fin de colaborar nos gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da súa actuación como grupo político municipal, cos seguintes criterios de reparto:

a) Compoñente fixo de asignación: 2.000 €/ano

b) Compoñente variable: 1.200 €/ano por cada membro do grupo:

- UxC (7 concelleiros): 8.400 €/ano
- PSdeG-PSOE (4 concelleiros): 4.800 €/ano
- PP (5 concelleiros): 6.000 €/ano
- BNG (3 concelleiros): 3.600 €/ano
- Alternativa dos veciños (2 concelleiros) 2.400 €/ano

Segundo: As dotacións económicas tanto a de compoñente fixo como a de compoñente variable, aboaranse a cada grupo político semestralmente.”

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiño, Rodríguez López, Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Tres (3) dos/a Sres./a: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 (CVD: h8xaZDVNJHGtyHezlaT), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

11. PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA HABILITACIÓN DE LOCAIS PARA OS GRUPOS POLÍTICOS

Acceso á videoacta – 00:49:02 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 (CVD: 0eKubG/q52yOnlzzozIQ), que transcrita di:

«PROPOSTA

Visto o disposto no artigo 11.1 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Cambre, segundo o cal:

“Os grupos políticos disporán, na Casa do Concello ou nun inmovible próximo pertencente ao Concello dun local para se reunir de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns. Os devanditos locais estarán dotados dunha infraestrutura en medios materiais e informáticos e de comunicación necesarios, en consonancia coa capacidade económica e técnica do concello “

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**



Habilitar cinco (5) despachos nos locais sitos na rúa Río Barcés 6 e 8, da Barcala, para a súa utilización polos grupos políticos de Unión por Cambre, partido popular, PsdG-PSOE, Alternativa dos Veciños e Bloque Nacionalista Galego.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do grupo municipal de AV, Sr. Varela Fraguío e o Sr. alcalde.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 5 de xullo de 2023 (CVD: 0eKubG/q52yOnlzzozIQ), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
O presidente
(Asinada dixitalmente)

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo